



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
Secretaría Xeral de Educación e  
Formación Profesional



galicia



*RESOLUCIÓN do 15 de Xuño de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2021/22*

A mellora da calidade da educación constitúe unha meta irrenunciable dos sistemas educativos e un dos seus piares básicos, entroncado coa salvagarda dun ensino que garanta a igualdade de oportunidades e a capacitación do alumnado coas competencias e o coñecemento necesarios para o seu pleno desenvolvemento na sociedade actual.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica, 3/2020, do 29 de decembro destaca entre os factores que favorecen a calidade do ensino, e aos que se lles prestará unha atención prioritaria, a cualificación e formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a renovación educativa. No artigo 102 recoñece a formación do profesorado como un derecho e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. A mesma lei, recolle no seu artigo 120.4 que os centros, no exercicio da autonomía, poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo para a mellora da calidade do ensino.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resilencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) apostá polo reforzo das competencias dixitais como un aspecto fundamental para afrontar con éxito a transformación dixital, así como o impulso da competencia dixital nos centros educativos co desenvolvemento do Plan Dixital de Centro e a formación docente para a adquisición de competencias dixitais educativas.

Como consecuencia disto, resulta de interese prioritario que os centros, no uso da súa autonomía, deseñen plans de formación propios, en función das necesidades que detecten e que para o seu desenvolvemento reciban o apoio da consellería a través das estruturas de formación permanente do profesorado.

Neste contexto, cómpre salientar que o centro educativo constitúe a unidade básica e célula do sistema para o impulso dunha formación permanente que recolle tanto as demandas individuais do profesorado como as necesidades formativas dos centros e do propio sistema. A finalidade última é mellorar as competencias profesionais do profesorado, necesarias para responder aos retos educativos actuais, impulsando a súa aplicación e desenvolvemento na aula, e buscando a excelencia educativa e a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado.

Os centros educativos son os escenarios idóneos para a formación, posibilitando que esta se adapte mellor ás necesidades da contorna, e favorecen unha maior implicación e participación do profesorado, o fortalecemento do traballo en equipo e unha maior integración nos seus proxectos educativos e curriculares. Ademais, a formación considérase como un proceso que precisa itinerarios formativos planificados e





secuenciados que estruturen e articulen no tempo, cunha visión máis ampla, varias accións formativas das diversas modalidades.

Para acompañar aos centros neste proceso de cambio, estes contan cunha rede de formación permanente do profesorado especializada que axuda e apoia, baixo o principio de colaboración e traballo en equipo, o profesorado na consecución destes fins, achegando a formación ao lugar de traballo. Esta rede atópase regulada mediante o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia

En definitiva, con esta convocatoria a consellería pretende fomentar que os centros educativos desenvolvan plans específicos de formación permanente que contribúan á autonomía do profesorado na súa formación, á mellora da práctica profesional, ao desenvolvemento do traballo en equipo e impulsar a investigación sobre os problemas que trae de seu a innovación metodolóxica e a súa posta en práctica. Estes plans pretenden, pois, responder ás necesidades do centro, tomado como punto de partida unha avaliación da súa situación co obxectivo final de aplicar na aula a formación recibida.

As actuacións propostas deberán ser relevantes para diminuír o abandono e mellorar o éxito escolar, así como propiciar unha organización escolar que favoreza a transformación dos centros en organizacións capaces de crear e transmitir coñecemento e de xerar destrezas para a súa adquisición e posta en práctica.

Neste sentido, as competencias profesionais docentes semellan de fundamental importancia. As accións formativas deseñadas desenvolverán, dunha forma secuenciada, aqueles aspectos que permitan a súa actualización e o seu perfeccionamento co fin de acadar unha mellora da calidade da educación e dos resultados escolares.

Esta actuación establecese dentro da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Ministerio de Educación y Formación Profesional para o desenvolvemento do Programa de Cooperación Territorial de Mellora da Competencia Dixital Educativa, #CompDigEdu, Mecanismo de Recuperación y Resiliencia para a mellora do desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

Polo anteriormente exposto, e de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, esta Secretaría xeral,

RESOLVE:





## Apartado 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto convocar e establecer o procedemento para regular a solicitude de plans de formación permanente do profesorado (en diante, PFPP) en centros educativos para o curso 2021/22 e establecer as condicións para o seu desenvolvemento.

## Apartado 2. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos públicos dependentes da consellería que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica, 3/2020, do 29 de decembro.

## Apartado 3. Finalidade dos PFPP

Os PFPP terán como finalidade a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais docentes, para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado, en consonancia coas iniciativas impulsadas en relación co sistema educativo de Galicia.

As competencias profesionais docentes a que se refire este punto, xunto coas subcompetencias asociadas, figuran no anexo de competencias profesionais docentes.

## Apartado 4. Liñas de traballo e competencias profesionais docentes dos PFPP

1. Os PFPP deberán desenvolver algunha das liñas de traballo propostas a continuación.
2. As liñas de traballo prioritarias dos PFPP, de acordo coas directrices da *Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional* (en diante, secretaría xeral), serán as seguintes:

a) Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

Ademais, os PFPP poderán tratar unha das seguintes liñas:

- b) Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial
- c) Programas de Plurilingüísmo. Competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento integrado de linguas.
- d) Educación inclusiva e coeducativa.
- e) Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relacións coas familias





f) Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros

g) Mellora da xestión dos centros

h) Internacionalización dos centros educativos

i) Biblioteca escolar

j) Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnología-enxeñaría-matemáticas)

k) A orientación vocacional e profesional.

l) Educación para o desenvolvemento sostenible e a cidadanía global

Estas liñas de traballo estarán asociadas ao desenvolvemento de, como mínimo, as seguintes competencias e subcompetencias docentes:

LIÑAS DE TRABALLO	COMPETENCIAS	SUBCOMPETENCIAS
a) Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital	Competente en TIC	24. Software 25. Dispositivos 26. Ferramentas institucionais
	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin
b) Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	1. Programación, seguimento e avaliación 2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC
	Especialista na súa materia	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares
c) Programas de Plurilingüismo. Competencia	Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais





comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento integrado de linguas	Membro dunha organización	10. Cooperación e colaboración, construcción conjunta de coñecemento
d) Educación inclusiva e coeducativa	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	3. Acción titorial e atención á diversidade
	Investigador/a e innovador/a	16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente
e) Convivencia escolar e clima da aula. Saúde e benestar emocional. Relacións coas familias	Interlocutor/a e referente na comunidade educativa	14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético 15. Mediación, resolución de conflitos
f) Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros	Especialista na súa materia	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares
	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin
	Membro dunha organización	10. Cooperación e colaboración, construcción conjunta de coñecemento
g) Mellora da xestión dos centros	Membro dunha organización	8. Xestión administrativa de centro e calidade 9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns
h) Internacionalización dos centros educativos	Membro dunha organización	10. Cooperación e colaboración, construcción conjunta de coñecemento
	Comunicador/a en linguas maternas e	23. Destrezas comunicativas verbais e





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
Secretaría Xeral de Educación e  
Formación Profesional



galicia



UNIÓN EUROPEA

	estranxeiras	non verbais
i) Biblioteca escolar	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin  4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe
	Investigador/a e innovador/a	17. Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional
j) Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnología-enxeñaría-matemáticas)	Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin
	Especialista na súa materia	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares
	Investigador/a e innovador/a	19. Realización e execución de propostas
k) A orientación vocacional e profesional	Membro dunha organización	5. Orientación pedagólica, académica e profesional
l) Educación para o desenvolvimento sostible e a ciudadanía global	Especialista na súa materia	21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares
	Membro dunha organización	9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns

### Apartado 5. Características dos PFPP

- Os PFPP estarán integrados por unha ou máis liñas de traballo. Como principio xeral, potenciaranse a actualización e mellora das competencias profesionais docentes asociadas a cada liña.





2. Cada liña desenvolverase a través dun ou máis itinerarios formativos, dependendo dos diferentes niveis de competencia profesional que se pretenda acadar ou doutras circunstancias que así o xustifiquen.

3. Cada itinerario formativo constará de varias actividades formativas (curso, grupo de traballo, seminario), tendo en conta que en caso de que haxa algún curso, deber estar vinculado a un grupo de traballo ou seminario. No caso excepcional de contar cunha soa actividade esta ten que ser grupo de traballo ou seminario.

4. As actividades de cada itinerario formativo estarán secuenciadas para que, partindo da situación inicial determinada polo centro, sexa posible alcanzar os obxectivos finais previstos.

As citadas actividades deberán estar integradas nun proceso que inclúa a análise e elaboración de propostas didácticas, así como a súa aplicación á aula ou ao centro, e a reflexión e avaliación dos resultados.

5. Os PFPP presentados terán unha planificación mínima de dous cursos escolares e máxima de catro.

6. Todos os PFPP contarán cunha Escola de Nais e Pais e o apoio da rede de Formación ao respecto.

#### Apartado 6. Requisitos dos PFPP

1. Os PFPP deberán ser presentados e aprobados polo claustro e polo consello escolar de acordo coas súas competencias e incluiranse na programación xeral anual do centro.

2. Con carácter xeral, contarán cunha porcentaxe de participación representativa do claustro do centro en función do seu número e da participación dos distintos niveis, de ser o caso, salvo cando a relevancia formativa do proxecto presentado ou a participación nun programa institucional xustifique que non se cumpra este requisito.

3. Cada centro poderá participar nun único PFPP.

4. Varios centros con necesidades comúns e proximidade xeográfica poderán participar presentando un mesmo PFPP conxunto. Neste caso, un dos centros actuará como representante e centro de referencia para efectos administrativos, e reixerán os mesmos requisitos que para os plans únicos de centro en canto á aprobación, e o PFPP executarase como unidade de acción.

5. Todo o profesorado que preste servizos nun centro seleccionado nesta convocatoria poderá participar no seu PFPP. Cada participante integrarase, como mínimo, nunha das liñas de traballo seleccionadas e, polo menos, nunha das súas actividades formativas. No caso de integrarse nunha única actividade, esta deberá ser un grupo de traballo ou un seminario, salvo no caso de itinerarios correspondentes a programas educativos que especificamente se indique na súa convocatoria





6. Independentemente da liña ou liñas de traballo escollidas e das actividades que configuren cada itinerario formativo, todos os PFPP contarán cun módulo de formación específica en inclusión, convivencia e igualdade, que deberán realizar todas as persoas docentes que non acrediten a súa superación previa, para o cal contarán co apoio, asesoramento e acompañamento das persoas asesoradas da rede de formación permanente do profesorado.

7. De serlle concedido o PFPP a un centro, este non poderá, con carácter xeral, ser centro sede doutras actividades de formación en centros, recollidas na convocatoria xeral, durante o período que dure este, ou daquelas cuxa compatibilidade determine a consellería. Isto non exclúe a participación do profesorado como membros doutras actividades cando a sede sexa outro centro.

8. Todos aqueles centros que participen en programas institucionais que así o establezan, contarán cunha liña específica con, cando menos, o itinerario prefixado para o dito plan.

#### **Apartado 7. Proceso de elaboración e contido dos plans**

1. Os centros interesados en participar nesta convocatoria contarán co asesoramento do Centro Autonómico de Formación e Innovación (en diante, CAFI) e dos centros de formación e recursos (en diante, CFR) aos que estean adscritos, co obxecto de elaborar o informe de detección de necesidades formativas, así como deseñar e redactar o PFPP.

2. O proceso de elaboración do PFPP constará dos seguintes pasos:

- Detección da área de mellora en relación coas liñas de traballo da cláusula cuarta.
- Concreción das necesidades formativas en relación coa liña ou liñas seleccionadas.
- Elaboración do/s itinerario/s formativo/s para dar resposta ás necesidades detectadas. Estes incluirán a determinación das diversas actividades formativas (curso, seminario, grupo de traballo) xunto coas accións de aplicación á aula ou ao centro, a reflexión e a avaliación.

3. Os centros cumplimentarán na pestana correspondente da aplicación Fprofe os seguintes aspectos:

- a) Membros do equipo de formación do centro.
- b) Xustificación das necesidades formativas detectadas.
- c) Obxectivos xerais que se pretenden acadar co plan.
- d) Liñas de traballo propostas.
- e) Itinerarios formativos do PFPP especificando para o primeiro ano:





Obxectivos específicos.

Actividades formativas: obxectivos, contidos e temporalización.

f) Relación detallada de materiais que se pretenden elaborar e documentos que se van entregar.

g) Relación de participantes no plan.

h) Aplicación na aula ou no centro.

i) Criterios e indicadores de logro referentes á aplicación e o impacto na aula ou no centro.

j) Medidas organizativas internas do centro previstas para o desenvolvimento do plan.

k) Seguimento e avaliación do plan

#### **Apartado 8. *Equipo de formación do centro educativo (en diante, equipo de formación): composición e funcións***

1. Nos centros seleccionados constituirase un equipo de formación responsable da execución do PFPP, integrado por:

a) A persoa directora do centro ou persoa do equipo directivo na que delegue.

b) A persoa responsable da formación (coordinador/a de formación, se houber, ou xefe/a de estudos).

c) A persoa coordinadora de cada itinerario.

2. A persoa responsable de formación do centro coordinará e velará correcto desenvolvimento do PFPP.

3. A persoa coordinadora do itinerario coordinará a organización e planificación de todas as súas actividades.

4. As funcións do equipo de formación serán as seguintes:

a) Preparar e elaborar a documentación requerida nesta convocatoria.

b) Colaborar na coordinación e desenvolvimento do plan.

c) Colaborar co CAFI ou CFR do seu ámbito na planificación, desenvolvimento e avaliación do PFPP.

d) Participar, polo menos, nun dos grupos de traballo ou seminarios do PFPP.





e) Presentar a relación definitiva de persoas participantes no PFPP e nas actividades, que terá carácter definitivo o 15 de outubro. Posteriormente, e con carácter excepcional, poderá incorporarse profesorado que así o solicite, sempre que cumpla os requisitos necesarios para a certificación que se recollen no artigo 24 punto 2 da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

f) Elaborar a memoria e valorar o grao de aplicación das propostas didácticas e, na medida do posible, os seus resultados.

#### Apartado 9. *Actuacións da Administración educativa*

1. Os centros seleccionados, para desenvolver un PFPP, contarán co apoio e a colaboración externa da persoa inspectora de Educación asignada ao centro participante, e dunha persoa asesora do CAFI ou CFR ao que está adscrito o centro, que se encargarán, segundo as súas respectivas competencias, de:

- a) Asesorar acerca das posibles melloras que afecten o deseño e elaboración do PFPP.
- b) Planificar, xunto coa persoa responsable de formación do centro, as accións formativas precisas para o desenvolvemento dos distintos itinerarios.
- c) Levar a cabo o seguimento da execución do PFPP e realizar os informes do seu progreso.
- d) Realizar a avaliación anual e final do PFPP.
- e) Avaliar o impacto na aula das accións desenvolvidas.

2. Os PFPP integraranse, para todos os efectos, no plan de actuación do CAFI ou do CFR correspondente.

3. As actividades formativas que se inclúan nos itinerarios do PFPP dos centros seleccionados terán a consideración de actuacións prioritarias do CAFI ou CFR correspondente.

4. A xestión económica e administrativa dos PFPP será competencia do CAFI ou do CFR ao que o centro está adscrito

#### Apartado 10. *Proceso de preinscripción, solicitud, documentación necesaria e prazos de presentación*

##### **1. Preinscripción:**

a) As persoas directoras dos centros interesados en participar nesta convocatoria, para a elaboración do PFPP, deberán facer a súa preinscripción, a través da aplicación





informática Fprofe (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe/>) <CONVOCATORIAS>, desde a publicación da resolución ata 30 de setembro 2021, inclusive.

b) A realización da preinscripción é un requisito necesario para a formalización da solicitude; resultarán excluídas aquelas que non a realicen segundo os termos establecidos no apartado a)

c) Os centros preinscritos contarán co asesoramento do CAFI ou do CFR correspondente, para a elaboración do plan.

## 2. Solicituds:

As solicitudes (anexo I que xera a aplicación Fprofe) e documentación complementaria presentaranse en soporte papel, coas sinaturas correspondentes, no rexistro do CAFI/CFR ao que estea adscrito o centro nos prazos previstos.

## 3. Documentación complementaria:

a) Xunto á solicitude deberá entregarse a seguinte documentación obtida na aplicación Fprofe-

- Informe de detección de necesidades formativas.
- Proxecto do PFPP en centros (anexo II de Fprofe).

- Certificación expedida pola persoa directora da aprobación-do PFPP ao claustro e ao consello escolar (anexo III de Fprofe).

b) O lugar de presentación desta documentación será o CAFI ou CFR ao que pertence o centro educativo.

As copias dos documentos terán a mesma validez que os seus orixinais sempre que se evidencia a súa autenticidade:

## 4. Prazos de presentación:

a) O prazo de preinscripción comeza ao día seguinte da publicación da resolución no portal educativo e remata o día 30 de setembro 2021.

b) O prazo de presentación das solicitudes remata o 15 de outubro de 2021.

5. Continuidade dos proxectos de formación permanente desenvolvido no curso 2020/21

Para facilitar os procesos de formación interna dos centros educativos , todos aqueles PFPP que se están a desenvolver durante o curso 2020-21, serán automaticamente prorrogados para o curso 2021/22, sempre que se manifieste este propósito na memoria





final da actividade, e previo informe positivo da dirección do CFR correspondente ou do CAFI, de xeito que non será preciso realizar unha nova solicitude.

A renovación automática, non exclúe a posibilidade de modificacións ou ampliacións de nas liñas de traballo e itinerarios formativos do-PFPP.

### **Apartado 11. Selección dos PFPP en centros**

A valoración das solicitudes presentadas realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Viabilidade pedagóxica do plan.
- b) Calidade do plan.
- c) Nivel de implicación e participación do claustro no plan.
- d) Participación do centro noutros plans impulsados pola consellería.

### **Apartado 12. Comisión de selección e avaliación**

A consellería seleccionará e avaliará os centros participantes na convocatoria de PFPP no curso 2021/22 mediante unha comisión integrada por

Presidencia: a persoa titular da Subdirección xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- A a persoa titular do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, ou persoa en quen delegue.
- Un membro da Inspección educativa.
- A persoa titular da dirección do CAFI.
- Unha persoa responsable da dirección dun dos CFR.
- Unha persoa asesora das estruturas de formación.
- Unha persoa funcionaria da consellería, actuará como secretaria con voz pero sen voto.

A Comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica especializada só a efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.

Esta comisión rexerase polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.





A Comisión de Selección e Avaliación, a efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, requirirá o informe realizado polo CAFI/CFR ao que está adscrito ea'l o centro solicitante. Esta comisión, poderá realizar peticións de informes, a través da secretaría xeral, aos servizos territoriais de inspección educativa ou ás persoas asesoras da consellería.

A implantación nun centro dun PFPP precisa a aprobación da Comisión de Selección e Avaliación, que poderá requerir a introdución das modificacións que considere oportunas no PFPP.

### **Apartado 13. Resolución**

1. A Comisión fará públicas as resolucións provisionais que se difundirán no portal educativo [www.edu.xunta.gal/portal](http://www.edu.xunta.gal/portal).
2. A partir da publicación das resolucións abrirase un prazo de cinco naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudiadas e, de ser o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da secretaría xeral, quen resolverá a relación final dos plans seleccionados.

A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións publicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### **Apartado 14. Memoria da actividade**

Establécese con data **31 de maio de 2022** o peche de actividades. Deste xeito haberá unha semana dende o peche de actividades ata a entrega das memorias na que equipo de coordinación dos centros fará a redacción da mesma e persoal asesor cumplimentará a información solicitada.

Con data límite o 7 de xuño de 2022, o equipo de formación presentará no CAFI / CFR correspondente unha memoria detallada, realizada a través da aplicación Fprofe, que analice e valore o desenvolvemento do plan, segundo os distintos puntos que o integran. Esta memoria recollerá o material que se xerou no desenvolvemento, así como as evidencias e a valoración da aplicación e, de ser o caso, o impacto na aula e/ou no centro das actuacións desenvolvidas. No caso de continuidade do PFPP, e na data proposta, achegarase a planificación do seguinte ano a través da aplicación Fprofe.





O calendario de peche das xestión relativas aos PFPP quedaría como se detalla a continuación:

Calendario de peche de xestións	
31 de maio 2022	Peche de actividades (Grupo de traballo, seminario, curso)
Do 31 de maio ao 7 de xuño 2022	O equipo de coordinación dos centros fai memoria.
Do 31 de maio ao 7 de xuño 2022	O persoal asesor cumprimenta a información.
7 de xuño 2022	Entrega das memorias

### Apartado 15. *Seguimiento, certificación e avaliación anual do plan*

1. O apoio externo ao que fai referencia a cláusula oitava levará a cabo o seguimento do PFPP, e elaborará os correspondentes informes de seguimento e informe final indicando:

- O grao de consecución dos obxectivos establecidos e cumprimento da aplicación e da calidade das actuacións desenvolvidas correspondentes ás distintas secuencias do plan.
- As modificacións e as posibles propostas de mellora que se consideren necesarias para optimizar o desenvolvemento do plan.
- A proposta de continuidade ou non do plan.

2. No caso de que o informe teña unha valoración positiva, o CAFI/CFR procederá a certificar aos participantes no PFPP o número de horas de formación que lles corresponda segundo a súa participación efectiva nas distintas actividades formativas. Non se certificarán máis de 100 horas de formación por curso escolar e profesor participante. As horas correspondentes ao módulo de formación específica en inclusión, convivencia e igualdade non entran neste cómputo.

Non se poderá certificar únicamente pola participación nun curso do PFPP, salvo no caso de itinerarios correspondentes a programas educativos nos que especificamente se determine a posibilidade de participar en cursos concretos.

As persoas integrantes dos equipos de formación recibirán, adicionalmente, unha certificación como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado por curso escolar, sempre e cando participara nalgunha actividade de formación do PFPP do centro.





No caso que o profesorado do centro ou o persoal asesor do CFR/CAFI imparta algúin relatorio no PFPP poderán recibir a correspondente certificación segundo á normativa vixente.

Se unha persoa membro do PFPP actuase tamén como relatora, poderá certificar a súa participación como asistente e relator sempre que a segunda non supere o 15% .

3. A Comisión de Selección e Avaliación examinará o informe externo xunto coa memoria anual de cada PFPP e realizará a avaliación final para os efectos de validar a súa continuidade.

#### Apartado 16. *Difusión dos traballos*

Os materiais elaborados mediante esta convocatoria serán propiedade da consellería. Esta poderá difundir os traballos e experiencias realizadas a través do portal educativo, nos seus sitios temáticos ou no repositorio de contidos do espazo Abalar.

Os centros seleccionados comprométense a participar nas accións de difusión de boas prácticas que organice a consellería.

Os materiais e as experiencias publicadas estarán suxeitos á licenza Creative Commons by-nc-sa.

	Recoñecemento-Non Comercial-Compartir igual ( /by-nc-sa/3.0/es): Permitese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.
--	---

O centro poderá publicar os traballos realizados que a consellería non difundiu, previa comunicación á secretaría xeral, a través da dirección do CAFI ou dos CFR da súa zona, e facendo constar na publicación que o traballo se desenvolveu coa subvención da consellería e incluíndo o logotipo. Dita publicación deberá realizarse baixo licenza Creative Commons by-nc-sa.

O logotipo da consellería pode obterse no endereço:

<http://www.xunta.es/identidade-corporativa/composicion-con-presidencia-e-consellerias>





## Apartado 17. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento seran tratados na súa condicion de responsable pola Xunta de Galicia - Conselleria de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestion deste procedemento.
2. O tratamiento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo comun, segundo se explicita na informacion adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevaleceran en todo caso aquellas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales e garantía dos derechos digitais.

## Apartado 18. Financiamento

A presente convocatoria atópase entre as actuación cofinanciables polo Ministerio de Educación e Formación Profesional con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Os centros deberán cumplir coas obrigas derivadas do financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e con calquera outra que poida ser de aplicación.

## Apartado 19. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información a través dos seguintes medios:

a) As seguintes páxinas web:

- Consellería: [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)
- CAFI: [www.edu.xunta.es/portal/cafi](http://www.edu.xunta.es/portal/cafi)
- CFR:

A Coruña: [www.edu.xunta.es/portal/cfrcoruna](http://www.edu.xunta.es/portal/cfrcoruna)

Ferrol: [www.edu.xunta.es/portal/cfrferrol](http://www.edu.xunta.es/portal/cfrferrol)

Lugo: [www.edu.xunta.es/portal/cfrlugo](http://www.edu.xunta.es/portal/cfrlugo)





Ourense: [www.edu.xunta.es/portal/cfrourense](http://www.edu.xunta.es/portal/cfrourense)

Pontevedra: [www.edu.xunta.es/portal/cfrpontevedra](http://www.edu.xunta.es/portal/cfrpontevedra)

Vigo: [www.edu.xunta.es/portal/cfrvigo](http://www.edu.xunta.es/portal/cfrvigo)

b) Os seguintes teléfonos:

CAFI: 981 52 24 11.

CFR: A Coruña: 981 27 42 21. Ferrol: 981 37 05 41. Lugo: 982 25 10 68. Ourense: 988 24 15 33. Pontevedra: 986 87 28 88. Vigo: 986 20 23 70.

c) Os seguintes enderezos electrónicos:

CAFI: [cafi@edu.xunta.gal](mailto:cafi@edu.xunta.gal)

CFR de A Coruña: [cfr.coruna@edu.xunta.gal](mailto:cfr.coruna@edu.xunta.gal)

CFR de Ferrol: [cfr.ferrol@edu.xunta.gal](mailto:cfr.ferrol@edu.xunta.gal)

CFR de Lugo: [cfr.lugo@edu.xunta.gal](mailto:cfr.lugo@edu.xunta.gal)

CFR de Ourense: [cfr.ourense@edu.xunta.gal](mailto:cfr.ourense@edu.xunta.gal)

CFR de Pontevedra: [cfr.pontevedra@edu.xunta.gal](mailto:cfr.pontevedra@edu.xunta.gal)

CFR de Vigo: [cfr.vigo@edu.xunta.gal](mailto:cfr.vigo@edu.xunta.gal)

## Apartado 20. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da consellería.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional





## ANEXO I

### Competencias profesionais docentes

COMPETENCIAS DOCENTES	SUBCOMPETENCIAS
Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Programación, seguimiento e avaliación</li><li>2. Didácticas específicas, metodoloxías e TAC</li><li>3. Acción titorial e atención á diversidade</li><li>4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe</li></ol>
Membro dunha organización	<ol style="list-style-type: none"><li>5. Orientación pedagógica, académica e profesional</li><li>6. Normativa</li><li>7. Organización, planificación, coordinación</li><li>8. Xestión administrativa de centro e calidad</li><li>9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns</li><li>10. Cooperación e colaboración, construcción conjunta de coñecemento</li><li>11. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais</li><li>12. Centros saudables e seguridade integral</li></ol>
Interlocutor/a e referente na comunidade educativa	<ol style="list-style-type: none"><li>13. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora</li><li>14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético</li><li>15. Mediación e resolución de conflitos</li></ol>





Investigador/a e Innovador/a:	16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente  17. Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional  18. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal  19. Realización e execución de propostas
Especialista na súa materia	20. Coñecemento na área de Educación  21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares  22. Xestión do coñecemento existente
Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras.	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais
Competente en TIC	24. Software  25. Dispositivos  26. Ferramentas institucionais

